

ANUNCIO do 2 de maio de 2024, da Dirección Territorial de Lugo, polo que se fai pública a proposta dunha liña de deslindamento con propiedades particulares do monte veciñal en man común de Pena Rabela, concello das Nogais (Lugo). Expediente 2024_1DES.

Para os efectos previstos no artigo 54 da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, dáselle publicidade á proposta de deslindamento parcial do monte veciñal en man común de **Pena Rabela** con propiedades particulares, presentada o 3.1.2024 e 9.4.2024 pola comunidade de **Casares e Vilaesteba**, propietaria do monte.

Con data 19.4.2024 o Servizo de Montes de Lugo emitiu un informe favorable relativo a esta proposta.

Contra o deslindamento proposto, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio, as persoas interesadas poderán presentar ante a comunidade propietaria as alegacións e os títulos que acrediten a propiedade ou a posesión dos predios afectados.

Durante este prazo, a documentación estará dispoñible no Servizo de Montes de Lugo, sito na rolda da Muralla, 70, baixo 2º, de 9:00 a 14:00 horas, de luns a venres, para os efectos de coñecer integramente o contido da dita proposta.

Lugo, 2 de maio de 2024

M^a Olga Iglesias Fontal
Directora territorial da Consellería do Medio Rural de Lugo

